



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Teoría sociolóxica 1	Código	615G01110	
Titulación	Grao en Socioloxía			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación			
Coordinación	Rodríguez Rodríguez, María del Carmen	Correo electrónico	carmen.rodriguez2@udc.es	
Profesorado	Calo Garcia, Estefania Otero Enriquez, Raimundo Rodríguez Rodríguez, María del Carmen	Correo electrónico	estefania.calo@udc.es raimundo.otero@udc.es carmen.rodriguez2@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta materia aborda, de forma introdutoria, os/as autores/as, correntes e conceptos da Teoría Sociolóxica Clásica. Trátase dunha materia onde se ofrecen as referencias e os trazos básicos da historia da Socioloxía, prestando especial atención ao proceso de aparición desta disciplina.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A9	Análisis de los principales conceptos y generalizaciones sobre la sociedad humana y sus procesos.
A11	Aprendizaje de la historia de la teoría sociológica y sus principales escuelas hasta la actualidad.
A24	Conocimientos y habilidades en transmitir los conceptos, problemáticas y perspectivas sociológicas.
A35	Actitud crítica frente a las doctrinas y las prácticas sociales.
B3	Capacidad de análisis y síntesis.
B4	Resolución de problemas.
B6	Comunicación oral y escrita en la lengua nativa.
B13	Razonamiento crítico.
B18	Creatividad.
B25	Capacidades para relacionar los conocimientos de la sociología y de otras disciplinas afines.
B27	Capacidades en reconocer la complejidad de los fenómenos sociales.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, en las lenguas oficiales de la comunidad autónoma.
C7	Asumir como profesional y ciudadano la importancia del aprendizaje a lo largo de la vida.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Definir os conceptos fundamentais da teoría sociolóxica clásica	A11 A24	B3 B6	
Recoñecer e identificar na realidade actual os conceptos fundamentais da teoría sociolóxica clásica	A9 A11 A24	B3 B4 B6 B13 B18 B27	C1 C7



Adquirir o coñecemento teórico máis relevante da historia da socioloxía clásica e ser capaz de aplicalo ao estudo da realidade social nas súas diferentes vertentes	A9 A11 A24 A35	B3 B6 B13 B18 B25	C7
Analizar unha monografía sociolóxica e expresar os aspectos máis importantes da mesma	A35	B3 B4 B6 B13 B18 B25	C1 C7
Buscar información, reflexionar sobre ela e presentala oralmente	A24 A35	B3 B4 B6 B13 B18 B25	C1

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. Orixes e precursores	De onde vimos? A tradición do pensamento occidental da que xorde a Socioloxía A Socioloxía, produto da modernidade A herdanza da Ilustración
Tema 2. Os inicios da Socioloxía	As vías da primeira Socioloxía Os fundadores e fundadoras da Socioloxía O positivismo progresista O evolucionismo
Tema 3. Dúas achegas fundamentais máis aló da Socioloxía	Alexis de Tocqueville Karl Marx
Tema 4. A institucionalización da Socioloxía	Émile Durkheim Max Weber Georg Simmel
Tema 5. O tránsito da Socioloxía cara ao século XX	A comunidade humana e o sistema e o equilibrio social: F. Tönnies y V. Pareto A socioloxía económica: T. Veblen A socioloxía do coñecemento: K. Mannheim Introdución á fenomenoloxía de A. Schutz Introdución ao funcionalismo de T. Parsons

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A11 A35 B25 B27 C7	22	0	22
Traballos tutelados	A9 A24 B4 B6 B13 B18 C1	20	30	50
Lecturas	A9 A11 B3	2	20	22
Presentación oral	A24 B3 B4 B6 B13 B18 C1	2	10	12



Proba obxectiva	A9 A11 A24 B3 B6 B13 C1	2	38	40
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>É o método tradicional da docencia no que tanto a iniciativa como o peso principal da actividade recaen sobre o profesor/a. Supón un perigo importante de provocar actitudes pasivas por parte do alumnado e limitar así a súa capacidade de aprendizaxe. Con todo, unha clase maxistral ben preparada, densa nos contidos e amena na forma, será sempre un instrumento interesante na educación.</p> <p>Ademais, a clase expositiva, a lección maxistral, non debe ir soa na formulación dunha materia como esta. É necesario complementar este método pedagóxico máis tradicional coa introdución doutras actividades e métodos que permitan un rol máis activo dos estudantes.</p> <p>Neste tipo de clases tentarase promover unha participación que nos permita un mínimo feed-back do nivel de comprensión e de asimilación en cada tema e desenvolver debates sobre temas actuais e concretos relacionados coas cuestións teóricas tratadas.</p> <p>A participación do alumnado neste tipo de clases é moi importante e valorarase.</p> <p>Con estes requisitos, a clase expositiva, mesmo cun número amplo do alumnado (a asistencia voluntaria sempre limita o número real), pode conseguir, en primeiro lugar, unha transmisión adecuada de coñecementos, preferentemente daqueles que poidan ser de difícil acceso ou asimilación. En segundo lugar, debe converterse no espazo da síntese, da crítica, da interrelación de ideas e da profundización de coñecementos. En terceiro lugar, na clase deben achegarse orientacións claras para a aplicabilidade dos coñecementos transmitidos e exemplos concretos da práctica social dos mesmos.</p>
Traballos tutelados	Os traballos tutelados ou prácticas de clase (feitas de forma individual ou grupal) terán distinto formato e tratarán sobre distintos temas. Supoñen a ocasión para relacionar os coñecementos teóricos adquiridos, os argumentos dos manuais e os textos de referencia, cos casos prácticos e co coñecemento das fontes de información relacionadas coa materia.
Lecturas	<p>Unha das prácticas que se realicen será sobre a lectura dunha monografía.</p> <p>Nalgúns temas do programa existen un número determinado de lecturas que permiten a adecuada comprensión da materia. Evitan ademais a copia automática de apuntamentos durante as clases maxistrais, motivando entre o alumnado a atención durante as explicacións. Son unha guía dos contidos da materia.</p> <p>Ademais, nalgunhas sesións prácticas utilizaranse para dinamizar debates e para saber interpretar autores e conceptos.</p>
Presentación oral	Unha presentación oral sobre un tema da materia será exposta en clase (de forma grupal) a final de curso.
Proba obxectiva	Exame final sobre os contidos da materia explicados nas sesións maxistrais e os recolleitos nas lecturas obrigatorias. A data é marcada oficialmente pola UDC.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Sesión maxistral Traballos tutelados Presentación oral	<p>A atención personalizada desta materia desenvolverase de forma presencial e non presencial. Para a comprensión das lecturas e para a realización dos traballos tutelados contaredes coa presenza do profesorado na aula durante as sesións en grupos reducidos e, ademais, poderedes programar as titorías presenciais que consideredes necesarias no horario que se comunicará ao comezo de curso. Tamén o profesorado estará dispoñible de forma non presencial preferiblemente a través do correo electrónico (e tamén a través de Teams e do Campus Virtual).</p> <p>Aqueles/as alumnos/as que se acollan ao recoñecemento de dedicación a tempo parcial ou dispensa académica (os que non se acollan á avaliación continua presencial de forma xustificada), deberán poñerse en contacto co profesorado ao comezo do curso e terán que asistir a unha titoría para concretar as metodoloxías de avaliación. A súa avaliación basearase en dous traballos (40% da nota) e o exame presencial realizado na data oficial estipulada pola UDC (60% da nota). Para aprobar a materia é necesario aprobar tanto os traballos tutelados como o exame.</p>
--	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Lecturas	A9 A11 B3	Realizarase unha práctica sobre a lectura dunha monografía	10
Traballos tutelados	A9 A24 B4 B6 B13 B18 C1	<p>Faranse dúas prácticas avaliáveis ao longo do curso sobre o temario da materia (valoraranse as prácticas, a asistencia e a participación).</p> <p>En todos estes traballos valorarase:</p> <ul style="list-style-type: none"> -A comprensión e manexo dos conceptos, textos e autores. -O uso de fontes e de ferramentas apropiadas para a investigación social. -O pensamento crítico, reflexivo e relacional. -A orixinalidade. -A correcta expresión escrita. -A capacidade de traballo en grupo (cando sexa o caso). 	20
Proba obxectiva	A9 A11 A24 B3 B6 B13 C1	<p>Exame escrito con preguntas breves e/ou de desenvolvemento sobre o contido da materia.</p> <p>Nel valorarase:</p> <ul style="list-style-type: none"> -O manexo de conceptos, autores e teorías. -A comprensión da materia da materia. -A coherencia do discurso. -A correcta expresión escrita. 	60
Presentación oral	A24 B3 B4 B6 B13 B18 C1	<p>A presentación oral é obrigatoria.</p> <p>Nela valorarase:</p> <ul style="list-style-type: none"> -O dominio e comprensión do tema. -A capacidade de síntese. -A correcta expresión oral. -A creatividade. -O traballo en grupo. 	10
Outros			

Observacións avaliación



Avaliación continua. A parte práctica (o conxunto de prácticas [sobre o temario da materia e sobre a lectura dunha monografía], a exposición, a asistencia e a participación) supoñerá o 40% da cualificación, o exame final o 60%. Desta forma valórase e compénsase todo o traballo realizado. As prácticas que se realizarán ao longo do cuadrimestre terán un contido variado. O exame final terá lugar nas datas oficiais marcadas pola UDC. Para aprobar a materia é necesario aprobar tanto a parte práctica como o exame. Se se suspende algunha das partes, a cualificación en Actas será a da parte suspensa en base 10. Avaliación non continua. Aqueles/as alumnos/as que se acollan ao recoñecemento de dedicación a tempo parcial ou dispensa académica (os que non se acollan á avaliación continua presencial de forma xustificada), deberán poñerse en contacto coa profesora ao comezo do curso e terán que asistir a unha titoría para concretar as metodoloxías de avaliación. A súa avaliación basearase en dous traballos (40% da nota) e o exame presencial realizado na data oficial estipulada pola UDC (60% da nota). Para aprobar a materia é necesario aprobar tanto os traballos tutelados como o exame. Se se suspende algunha das partes, a cualificación en Actas será a da parte suspensa en base 10. Segunda oportunidade. A aqueles que teñan aprobada a parte práctica da materia pero non se presenten ou suspendan o exame teórico da primeira convocatoria gardaráselles as notas da parte práctica pero terán que presentarse a un exame teórico nas datas oficiais marcadas pola UDC (en segunda oportunidade). Aqueles que teñan que recuperar a parte práctica por suspendela deberán facer o mesmo exame teórico que os seus compañeiros que a teñan superada e ademais responder a unha ou varias cuestións para recuperar a parte práctica (a parte teórica do exame valerá un 60% da nota e a parte práctica un 40%). Para aprobar a materia é necesario aprobar tanto a parte práctica como o exame teórico. Se se suspende algunha das partes, a cualificación en Actas será a da parte suspensa en base 10. A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso (nota numérica 0) na convocatoria correspondente da materia, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación para convocatoria extraordinaria. Para isto, procederase a modificar a cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario. Todos os aspectos relacionados con "dispensa académica", "dedicación ao estudo", "permanencia" e "fraude académico" rexeranse de acordo con a normativa académica vixente da UDC.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - ARON. R (1980). Las etapas del pensamiento sociológico. Buenos Aires, Siglo XXI - BERIAIN, J. ITURRATE, J.L. (ed.) (2008). Para comprender la teoría sociológica. Estella, Editorial Verbo Divino - FERRAROTTI, F. (1975). El pensamiento sociológico: de A. Comte a M. Horkheimer. Barcelona, Península - GINER, S. (2001). Teoría sociológica clásica. Barcelona. Ariel - GONZÁLEZ SEARA, L. (1971). La sociología: Aventura dialéctica. Madrid, Tecnos - IGLESIAS, C. et al. (1980). Los orígenes de la teoría sociológica. Madrid, Akal - MOYA, C (1975). Sociólogos y sociología. Madrid, Siglo XXI - NISBET, R (1977). La formación del pensamiento sociológico. Buenos Aires, Amorrortu - RITZER, G (1993). Teoría sociológica clásica. Madrid, MacGraw-Hill - RODRÍGUEZ IBAÑEZ, J.E. (1984). La perspectiva sociológica. Historia, teoría y método. Madrid, Taurus - SCHUTZ, A (1974). Estudios sobre teoría social. Buenos Aires. Amorrortu - ZEITLIN, I. (1968). Ideología y teoría sociológica. Buenos Aires, Amorrortu
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Teoría Sociolóxica I/615011202
 Teoría Sociolóxica II/615011302
 Teoría Sociolóxica (I e II)/615011713
 Teoría Sociolóxica 2/615011723

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Filosofía e Metodoloxía das Cc. Sociais/615011104

Materias que continúan o temario

Filosofía e Metodoloxía das Cc. Sociais/615011104

Observacións



-Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...).-Traballase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.-Deberanse detectar as situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías